

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O CONSELLO DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS E FARMACÉUTICAS DE GALICIA, NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS PRESCRITORES DUNHA PLATAFORMA HOMOLOGADA DE RECEITA PRIVADA ELECTRÓNICA EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Consello de Colexios Médicos de Galicia e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e Farmacéuticas de Galicia formalizaron o día 10.10.2025 o instrumento convencional arriba referido, o cal permanecerá vixente ata o 31.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto instrumentar a concesión directa dunha axuda en favor do Consello de Colexios Médicos de Galicia para a posta en marcha dunha plataforma de prescrición homologada de receita privada electrónica, a cal estará a disposición dos colexiados prescritores. Esta plataforma permitirá levar a cabo a debida transmisión de información entre os profesionais sanitarios, ademais de servir de garantía aos pacientes en canto ao cumprimento terapéutico e a obtención da máxima eficacia no seu tratamento. O devandito consello porá a disposición dos seus colexiados, de xeito gratuito a citada plataforma de prescrición, ademais de comprometerse a colaborar coa Consellería no desenvolvemento e execución de programas específicos de inspección dirixidos á detección da fraude e outras actividades ilícitas en materia de prestacións farmacéuticas, así como toda actuación de inspección e control farmacéutico.

Os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e Farmacéuticas de Galicia, pola súa banda, comprométese a colaborar para que os colexiados accedan aos medios tecnolóxicos axeitados para a dispensación da receita privada electrónica, así como colaborar coa Consellería no desenvolvemento e execución dos oportunos programas de inspección.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O 19.12.2019, os Consellos Xerais de Colexios Oficiais de Médicos, Dentistas, Podólogos e Farmacéuticos asinaron un convenio de colaboración polo que se fixan as bases, posta en marcha, funcionamento e gobernanza do Sistema de Receita Privada Electrónica.

No devandito convenio, fíxanse uns estándares mínimos de interoperabilidade, para que un medicamento prescrito electronicamente no ámbito da sanidade privada poida ser obxecto

de dispensación en calquera oficina de farmacia do territorio nacional, nos termos establecidos no artigo 14.4 do Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, con plena garantía de seguridade no acceso e transmisión da información e protección da confidencialidade dos datos persoais, así como do cumprimento dos requisitos obrigatorios para as receitas médicas establecidos na normativa sanitaria vixente.

O Sistema de Receita Electrónica Privada (SREP) é un conxunto organizado de axentes, e de plataformas operadas polos mesmos ou terceiros autorizados que, no ámbito da sanidade privada, relaciónanse nunha solución interoperable con base nuns estándares mínimos esixidos coa fin de facilitar a prescrición aos/ás pacientes, nun soporte electrónico, polos/as profesionais legalmente facultados para prescribir medicamentos e produtos sanitarios para que poidan ser posteriormente dispensados, de maneira que se garantan as condicións de interoperabilidade, seguridade no acceso, transmisión da información e protección da confidencialidade dos datos persoais, así como o cumprimento dos requisitos obrigatorios para as receitas médicas electrónicas privadas previstos no Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, así como no resto de normativa de aplicación.

Na receita médica privada electrónica a prescrición efectuarase conforme ao disposto no artigo 8 do citado real decreto, e os tratamentos prescritos nela ao/á paciente poderán ser dispensados en calquera oficina de farmacia do territorio nacional.

Deste xeito, con motivo da protección do/da paciente, así como da necesidade de fomentar a prescrición electrónica co fin de mellorar a calidade, seguridade e trazabilidade na prescrición de medicamentos e evitar a fraude de medicamentos e produtos sanitarios, cómpre que o órgano da consellería de sanidade con competencias en materia de inspección de servizos sanitarios desenvolva accións de control tanto sobre a prescrición por parte dos/das profesionais da medicina, como a dispensación a través das oficinas de farmacia, de aí a conveniencia da posta en funcionamento desta iniciativa que facilite as actuacións de inspección e control farmacéutico.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

